

CRITERIOS E PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DE PROPOSTAS E DE MODIFICACIÓNS DE TITULACIÓNS DE MÁSTER PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NO CURSO 2013/14 (Acordo do Consello de Goberno do 24/05/2012)

Coa entrada en vigor do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e do Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, ábrese un novo marco normativo na adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior e iniciase unha nova etapa de reorganización xeral dos estudos de posgrao (máster e doutoramento).

Na actualidade, coexisten dous tipos de másteres: os chamados másteres profesionalizantes e os másteres de investigación, con esixencias diferentes no referente ao número mínimo de estudantes de novo ingreso. Os másteres de investigación foron concebidos como o período de formación dos programas de doutoramento regulados polo RD 1393/2007 e reciben, a esforzo realizado, unha bolsa de horas en función dos resultados obtidos nas convocatorias de calidade (excelencia) do correspondente programa de doutoramento. Esa bolsa de horas repártese de acordo cos criterios aprobados pola Comisión Académica.

O novo marco normativo estrutura as ensinanzas universitarias en tres ciclos: Grao, Máster e Doutoramento. Esta idea reforzase no Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, no que se define o doutoramento como o terceiro ciclo dos estudos universitarios, diferenciado do máster. A partir do curso 2013/14, o máster debe entenderse como o segundo ciclo dos estudos universitarios e constitúe o requisito para acceder aos estudos de doutoramento, desaparecendo a distinción entre máster profesionalizante e de investigación.

O decreto autonómico de titulacións establece novos procedementos e mecanismos de solicitude de autorización de novas titulacións (ou modificacións das existentes), fixa o 14 de novembro como data límite de presentación de propostas e esixe un número mínimo de 20 alumnos de novo ingreso en calquera máster. Indica, ademais, que debe planificarse adecuadamente a conexión entre grao e máster de maneira que a especialización de posgrao teña unha relación directa cos estudos de grao completados previamente.

A presente normativa ten por obxecto regular o proceso de reorganización da oferta de títulos de máster na Universidade de Vigo, para a súa impartición no curso 2013/14. O obxectivo é contar con programas de master fortes con alta eficiencia de matrícula. A primeira fase do proceso desenvolverase durante o ano 2012 e centrarase na reorganización dos actuais másteres de investigación.

Así pois, o Consello de Goberno de 24 de maio de 2012 aproba os seguintes criterios e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de máster para o curso 2013/14.

1. Requisitos xerais

- a) A normativa autonómica, ademais dos requisitos establecidos para todas as titulacións, indica que debe planificarse adecuadamente a conexión entre grao e máster e esixe para o máster o cumprimento de tres das seguintes condicións:
 - 1) ser interuniversitario
 - 2) outorgar competencias profesionais
 - 3) ter una orientación laboral ou práctica
 - 4) xustificar o apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico
 - 5) ter garantidas as prácticas dos estudantes (no caso de estar establecidas na memoria)
 - 6) cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral
 - 7) ter carácter internacional

2. Estrutura das propostas de programas de máster derivadas da reorganización dos másteres de investigación

- a) Como mínimo, o 40% dos créditos ECTS a cursar polo estudante corresponderá a materias obrigatorias ordinarias
- b) Como máximo, o 60% dos créditos ECTS a cursar polo estudante distribuirase entre materias optativas e o traballo fin de máster.
- c) As materias optativas poden configurarse por itinerarios ou ben nun conxunto de materias das que o estudante elixirá o número que se estableza.
- d) A presencialidade, computada en POD, de materias ordinarias poderá ser fixada pola CAM entre 5 e 8 horas por ECTS.

3. Encargo docente

- a) As titulacións resultantes da reorganización da oferta de másteres de investigación xerarán unha PDA (horas de encargo) e computarán en POD.
- b) En xeral, a PDA dos estudos de máster terá un total de horas igual á terceira parte dos ECTS matriculados no curso precedente. En todo caso, o encargo mínimo para un máster de 60 ECTS cun número de estudantes inferior a 25, será de 500 horas.
- c) O Consello de Goberno establecerá, con suficiente antelación, normas concretas para a elaboración dos PDA e POD dos masteres.

4. Titulacións actuais de máster

- a) Os másteres de investigación existentes poderán seguir activos no curso 2013/14 mentres cumplan co requisito de matrícula e xerarán unha PDA nos termos establecidos no apartado anterior.
- b) Os actuais másteres sen repercusión en POD (másteres profesionalizantes) manterán este carácter no curso 2013/14, cos criterios de dotación económica que, no seu caso, se aproben en Consello de Goberno.

5. Másteres interuniversitarios

Mediante a subscripción do correspondente convenio con outras universidades, entidades ou institucións, nacionais ou estranxeiras, poderán organizarse propostas de máster. No caso de programas de máster organizados de forma conxunta con outras universidades, deberá presentarse a correspondente declaración de intencións segundo formato establecido para o efecto e a proposta someterase ao mesmo procedemento de autorización que o establecido para os programas organizados só pola Universidade de Vigo. No relativo á estrutura do título e aos prazos, poderán existir variacións ao obxecto de axustar os mecanismos de autorización aos do resto de universidades que participan na proposta.

6. Procedemento de presentación das propostas de programas de máster e autorización no seo da Universidade

O calendario e procedemento de autorización no seo da Universidade desenvolverase nos termos que figuran no Anexo a este documento.

7. Novas propostas

Como norma xeral, non se admitirán propostas ex-novo para a súa implantación no curso 2013/14, agás nas seguintes situacións excepcionais:

- másteres ligados a competencias profesionais reguladas
- másteres interuniversitarios de carácter internacional e interés estratéxico
- másteres Erasmus-Mundus

O Consello de Goberno valorará a adecuación de novas propostas a algunha das condicións anteriores e aprobará, se procede, o procedemento para a elaboración da memoria correspondente.

Tramitación no seo da Universidade de Vigo

Actividades	Responsable	Datas (2012)	Formalización
Sesións informativas	Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións (VOAPT)	Mes de maio	- Organización e comunicación dende o VOAPT
Presentación da expresión de interese	Centro de adscrición	2 de xullo	- Correo electrónico a vic.ice@uvigo.es según formato normalizado
Difusión á comunidade universitaria	VOAPT	3 de xullo	- Publicación na páxina web da Vicerreitoría e comunicación á comunidade universitaria
Valoración por parte da CEP do cumprimento dos requisitos xerais e a súa adecuación aos principios da estratexia institucional	Comisión de Estudos de Posgrao (CEP)	16 de xullo	- Informe da Comisión Estudos de Posgrao
Elaboración da memoria inicial do plano de estudos segundo os requisitos establecidos na normativa vixente	Comisión que corresponda	28 de setembro	- Segundo procedemento establecido polo centro de adscrición
Aprobación da memoria inicial	Centro de adscrición		
Remisión da documentación da proposta inicial do título á Vicerreitoría competente	Secretario/a do centro de adscrición	28 de setembro	- Envío por correo electrónico (vic.ice@uvigo.es) da memoria en formato PDF - Presentación nalgún dos rexistros oficiais da Universidade de Vigo de: 1. O acordo de aprobación da memoria no centro 2. A documentación orixinal que proceda (convenios, cartas de apoio, etc...)
Exposición pública á Comunidade Universitaria no web da Universidade	VOAPT	Mínimo 15 días naturais	- Publicación na páxina web da Vicerreitoría e comunicación á comunidade universitaria (http://profesorado.uvigo.es)
Recollida de alegacións	Centro de adscrición	Durante o prazo de exposición pública	- Segundo procedemento establecido polo centro de adscrición
Avaliación da memoria inicial e remisión ao centro do informe técnico (2)	VOAPT	Durante o prazo de exposición pública	- Dende a Vicerreitoría procederase a revisar as propostas de máster - Envío por correo electrónico aos/aos coordinadores/as e as Comisións Académicas do informe técnico, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta a todas as alegacións presentadas	Centro de adscrición	Mínimo 15 días naturais	- Segundo procedemento establecido polo centro de adscrición
Remisión da memoria definitiva, xunto co acordo da Xunta de Centro e o informe de respostas a todas as alegacións	Secretario/a do centro de adscrición		- Envío por correo electrónico (vic.ice@uvigo.es) da memoria completa en formato word. - Presentación nalgún dos rexistros oficiais da Universidade de Vigo de: 1. O acordo de aprobación da memoria definitiva na Xunta de Centro de adscrición 2. O informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas 3. A documentación orixinal que proceda
Informe da Comisión de Estudos de Posgrao	CEP		- A determinar
Informe do Consello Social	Consello Social		- A determinar
Aprobación da proposta de máster universitario	Consello de Goberno		- A determinar
Envío da solicitude á Consellería	VOAPT	14 de novembro	-

(1) Para aclarar calquera dúbida en relación a estas instrucións, prégase se poñan en contacto co mail vic.ice@uvigo.es ou tfnro: 986 813442

(2) As modificacións deberán estar vinculadas coas correspondentes propostas de mellora recollidas nos Informes de Seguimento do título do curso 2011/12 e/ou anteriores